



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



AXUDAS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS PARA AS PERSOAS AGRICULTORAS MOZAS.

OBXECTO.

Establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas e convocar para o ano 2023 as seguintes liñas de axudas incluídas no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, en rexime de concorrencia competitiva:

a) Medida 4. Investimentos en activos físicos.

- Submedida 4.1. Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas. **PROCEDEMENTO MR405A. "AXUDAS PARA INVESTIMENTOS NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.**

b) Medida 6. Desenvolvemento das explotacións agrícolas e empresariais.

- Submedida 6.1. Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas. **PROCEDEMENTO MR404A. "AXUDAS Á INCORPORACIÓN DE MOZOS Á ACTIVIDADE AGRARIA"**

- Submedida 6.3. Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións. **PROCEDEMENTO MR405B. AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PEQUENAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.**

CONTÍA DAS AXUDAS.

1. CREACIÓN DE EMPRESAS PARA PERSOAS AGRICULTORAS MOZAS.

A axuda concederáse pola execución do plan empresarial e consistirá nunha prima cuxa contía básica, calculada de acordo cunha estimación dos custos da Seguridade Social da da persoa moza durante os cinco anos de permanencia mínima na actividade agraria, establecida en **25.000 €**, e poderá incrementarse de acordo co volume de gasto cuxa necesidade ou conveniencia estea especificada no plan empresarial, sen que a axuda total supere os **70.000 €**

2. APOIO AOS INVESTIMENTOS NAS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS.

O importe da axuda será do **30%** dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do **50%**. (Establécese un investimento elixible mínimo de 5.000€. O volume total do investimento elixible máximo subvencionable para cada beneficiario será de 120.000 €/UTA, cun máximo de 500.000 €/ beneficiario, nun período de catro anos).

3. CREACIÓN DE EMPRESAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PEQUENAS EXPLOTACIÓNS.

A axuda consistirá nunha prima de **15.000€** e concederáse pola execución do plan empresarial, que terá unha duración de 18 meses desde a aprobación da axuda.

PRAZO PARA SOLICITAR: Dende o 27/01/2023 ata o 27/02/2023

PARA MÁIS INFORMACIÓN PODEN CONTACTAR COA AEDL NO TELÉFONO [981778169](tel:981778169). (Lourdes).